



“I Concurso de Curtas en Galego Colexio Possumus”

Cos obxectivos de contribuír á mellora da faceta creativa e do desenvolvemento persoal, así como de interrelacionarse e socializarse co medio, o Colexio Possumus vén de convocar o “I Concurso de Curtas Colexio Possumus” en atención ás seguintes

BASES:

1. O concurso está dirixido exclusivamente, tanto na produción, na dirección e na interpretación, aos alumnos escolarizados en calquera dos cursos de ESO no Colexio Possumus no ano académico 2014-15.
2. Os traballos a presentar deberán ser de autoría propia e ter carácter inédito e en lingua galega segundo a normativa vixente. Tamén poden ser en inglés ou francés pero subtítulos ao galego.
3. Poden concibirse e presentarse de xeito individual ou en grupo.
4. As curtametraxes deberán rodarse e presentarse en formato dixital e estaren dotadas de boa resolución.
5. As historias que se contan nelas deben ser inventadas, concibidas a partir de situación ficticias ou reais, é dicir, non poden respostar a un formato documental da realidade.
6. As historias poderán contarse por medio de actores, monicreques, debuxos ou calquera outra forma relacionada coa arte de contar con imaxes.
7. A temática é libre, se ben o contido non poderá ser violento nin ofensivo contra persoas, razas, relixións, ou calquera outro colectivo ou minoría. En caso de dúbida o xurado primará o contido ético-educativo do traballo presentado.
8. A duración das curtas non poderá ser inferior a 3 minutos nin superior a 10.
9. Na montaxe non poderán empregarse músicas suxeitas a dereitos de autor.
10. Na entradía inicial deberá figurar o título da curta. Tamén na entradía, ou ben ao final, poderá indicarse o nome do autor ou membros do equipo que traballaron especificando as funcións de cada quen: actores, guionistas, maquilladores, dirección, montaxe, etc. (O tempo que se empregue nestas entradías non se contabiliza como duración propia da curta, é dicir, non se acumula ao tempo do apartado nº 3 destas bases).
11. Os traballos deben entregarse nun *pendrive* ou DVD ao titor do curso, indicando nunha misiva anexa a seguinte información da curtametraxe presentada a concurso: Título, nome do autor/autores, duración, formato, persoas que aparecen e breve sinopse.
12. O prazo de presentación remata ás 14:20 h do mércores 29 de abril de 2015.
13. O xurado que falle os premios estará composto por un equipo do claustro de mestres, máis un representante da ANPA e outro dos alumnos representados no Consello Escolar, estando presidido polo director do centro.
14. O fallo do xurado darase a coñecer publicamente no Festival de Fin de Curso a celebrar no Centro Cívico de Teis. No acto daranse a coñecer os tres finalistas e a continuación proclamarase o gañador, cuxa curtametraxe será proxectada na sala.
15. O primeiro premio comprenderá unha estatuíña conmemorativa; e os tres finalistas recibirán un diploma acreditativo máis un agasallo, entregándose todo isto no festival de fin de curso.
16. Todos aqueles participantes cuxas curtas reúnan unha calidade mínima (en realización, montaxe, guión, etc), recibirán un agasallo da ANPA e verán valorada de xeito positivo a súa cualificación en áreas relacionadas coa curta (informática, linguas, ética, plástica, sociais, música, etc.)
17. Os premios poderanse declarar desertos se o xurado entende que as curtas presentadas non reúnen a calidade mínima esixida.
18. Os autores das obras a concurso, responsabilízanse de que non exista vulneración sobre os dereitos de autor no uso de pezas musicais, así como ante as posibles reclamacións por dereitos de imaxe das persoas que aparezan nas mesmas.
19. O incumprimento destas bases, total ou parcialmente, será considerado motivo de descalificación da curta presentada.